



A vaca tipo que se está a muxir en Galicia é un animal de 44 meses de idade, similar á media nacional

A produción de leite en Galicia dende a perspectiva do control leiteiro

Neste traballo descríbese a produción de leite en Galicia tomando como referencia os datos de Control Leiteiro, de Conafe e do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAPA), para achegarnos a determinar canto de diferente é a produción de leite en relación ao resto do Estado.

Centro Galego de Control Leiteiro (Cegacol)
<https://cegalcol.xunta.gal/>

O control leiteiro é unha ferramenta ao servizo dos gandeiros que permite dispoñer de información a partir dos datos recollidos mensualmente nas ganderías asociadas. O feito de que a sistemática de recollida de datos estea estandarizada a nivel nacional permite comparar a información de diversas rexións e ganderías, o que dá unha visión moi completa de como se está a producir leite.

En canto á raza de vacas utilizada, non atopamos grandes diferenzas respecto do resto de España; a vaca frisoa é a que se emprega maioritariamente, deixando tan só un 3 % para outras razas ou cruzamentos, se ben

tanto estes coma outros grupos raciais incrementan o seu censo cada ano.

A diferenza doutras comunidades autónomas, en Galicia contrólanse todas as vacas que se moxen, relegando a control oficial aquelas vacas que están no libro xenealóxico. Actualmente en España só se dispón deste libro para as razas de produción de leite frisoa, parda e fleckvieh e son estas tres as únicas que poden ingresar no control leiteiro oficial. A diferenza entre oficial e non está precisamente na dispoñibilidade de libro xenealóxico, xa que os datos que se recollen en control leiteiro se derivan ao libro correspondente, que é o que fai que o control sexa oficial, se ben a sistemática é a mesma para todos os animais, con independencia da raza, polo menos en Galicia. Nos informes de control leiteiro que recibe o gandeiro, preséntanse-lle os datos por grupos raciais, cando

coexisten no mesmo rabaño, a fin de que poida comparar os seus rendementos.

Dentro da raza maioritaria, Galicia ten un nivel de pureza superior á media nacional, co 91,4 % dos animais rexistrados no libro xenealóxico en rexistro principal, con polo menos dúas xeracións de ancestros incluídas, por riba da media nacional que se sitúa no 85,9 %.

En canto ao nivel xenético, a media de ICO (índice xenético combinado) das ganderías galegas é similar ao nacional: sitúase ao redor dos 3.500 puntos. Galicia conta cun programa de mellora xenética propio, que pivota sobre o Centro de Selección de Xenética Fontao e é a comunidade que utiliza a maior porcentaxe de touros nacionais (52,3 %), por riba doutras que tamén dispoñen de centros de selección de touros, situándose a media nacional no 36,3 %.

► DE XANEIRO A DECEMBRO DE 2021, SÓ HOUBO CATRO COMUNIDADES AUTÓNOMAS QUE INCREMENTARON A PRODUCCIÓN, ENTRE AS QUE DESTACOU GALICIA, CUN AUMENTO DO 2,3 % FRONTE AO 3,7 % DE REDUCCIÓN NA MEDIA NACIONAL (MAPA)

Táboa 1. Porcentaxe de produción por comunidade autónoma e evolución da produción de xaneiro a decembro de 2021

Comunidade autónoma	Porcentaxe de produción decembro 2021	Diferenza na produción de xaneiro a decembro 2021
Andalucía	7,7	-5,3
Aragón	2,4	0,0
Asturias	7,3	-3,4
Baleares	0,6	-13,4
Canarias	0,6	-3,3
Cantabria	5,7	-3,3
Castela-A Mancha	3,8	-0,4
Castela e León	12,5	0,6
Cataluña	9,9	-1,6
Estremadura	0,3	-24,7
Galicia	40,5	2,3
Madrid	0,8	2,4
Murcia	0,8	-8,7
Navarra	3,4	-0,4
P. Vasco	2,3	-3,0
Rioja	0,4	10,1
Valencia	1,0	-10,3
España		-3,7

Fonte: MAPA

Galicia ten o 41 % dos animais rexistrados en libro xenealóxico en España, o que fai que sexa a comunidade que máis datos achega para as avaliacións xenéticas realizadas por Conafe, co 47,3 % das ganderías no control leiteiro oficial que existen en España (2020).

No que se refire á produción de leite, con datos de entregas do MAPA, Galicia é a comunidade que máis leite produce a nivel nacional, o 40,5 %, e a que maior número de ganderías dispón, o 56,1 % do total (decembro 2021). ►►

2 Soluciones PREMIUM para el control celular

POWER BLUE MIX

HMVIR FILM +



SELLADOR
MARCANTE
DE DIÓXIDO

POTENTE ACCIÓN
DESINFECTANTE

▼
Fungicidas
Bactericidas
Viricidas

FUERTE EFECTO
MARCANTE

▼
Aplicación
muy visible



SELLADOR CON
NUESTRA EXCLUSIVA
MOLECULA LSA®

REFORZADOS CON
AGENTES COSMÉTICOS

▼
Hidratación hasta
el siguiente
ordeño.

CONSUMO
CONTROLADO

▼
Viscosidad óptima
Sin goteo




EL NUEVO
NOMBRE
PARA




KERSIA IBÉRICA, S.L. Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com www.kersia-group.com

Ilustración 1. Media da porcentaxe de graxa en 2021



Fonte: MAPA

Ilustración 2. Media da porcentaxe de proteína en 2021



Fonte: MAPA

Tomando como referencia o ano 2021, de xaneiro a decembro deixaron de entregar leite en España un total de 655 ganderías, cunha taxa de abandono media por comunidade do 7,2 %. No caso de Galicia, esta foi das máis baixas de España, situándose no 4,7 %, algo moi meritório se temos en conta que é o territorio onde menos se cobra por litro de leite a nivel nacional, o que di moito da resiliencia das ganderías galegas. Isto dá-nos idea do potencial de produción das ganderías galegas se obtivesen un prezo acorde coa media nacional.

Esta preeminencia é histórica e é, dende que se dispón de rexistros, a comunidade con maior vocación leiteira, tanto no que respecta á produción como ás ganderías.

En canto aos contidos en graxa e proteína, o leite producido en Galicia tamén destaca, pois está por riba da media nacional en ambos os parámetros, polo que é un referente na produción de graxa no leite.

O feito de producir un leite con maior contido en graxa, tamén se reflicte nas medias de produción por vaca. Con da-

tos de 2021, a media por lactación foi dun 3,86 % de graxa e dun 3,28 % de proteína. A media de produción por vaca sitúa a Galicia no quinto posto a nivel nacional, en produción por vaca

▶ NOS CONTIDOS EN GRAXA E PROTEÍNA, O LEITE PRODUCIDO EN GALICIA TAMÉN DESTACA, POIS ESTÁ POR RIBA DA MEDIA NACIONAL EN AMBOS OS PARÁMETROS, POLO QUE É UN REFERENTE NA PRODUCCIÓN DE GRAXA NO LEITE

normalizada a 305 días e corrixida por enerxía, o que nos permite comparar lactacións de diferente duración e con diferente contido en graxa ou proteína.

Cando se fai a análise dos datos, podemos observar como é unha constante o aumento que se está a dar na porcentaxe de recría e o número medio de vacas por gandería. A nivel nacional, nas ganderías en control leiteiro, incrementábase cada ano a media de vacas por gandería, situándose en 96,3 en decembro de 2021.

Galicia está por baixo da media nacional, con 80 vacas (reprodutoras) por gandería. Na medida en que as granxas se redimensionan, faise necesario incrementar a porcentaxe de animais que se destinan á recría para poder medrar, sen necesidade de recorrer á compra de animais. Agás nos dous últimos anos, ▶▶

Táboa 2. Produción por vaca en 2021

Comunidade autónoma	LCE	Gr. %	Pt. %
Andalucía	10.385	3,54	3,30
Aragón	11.378	3,54	3,36
Asturias	10.097	3,74	3,27
Baleares	7.784	3,35	3,15
Cantabria	9.430	3,64	3,24
Castela e León	11.144	3,66	3,27
Castela-A Mancha	11.005	3,68	3,21
Cataluña	10.263	3,73	3,30
Galicia	10.703	3,86	3,28
Madrid	10.524	3,77	3,16
Navarra	10.253	3,66	3,16
Valencia	10.862	3,47	2,46
País Vasco	9.688	3,70	3,21
España	10.466	3,68	3,21

Fonte: Conafe

McCORMICK X7.624



Entregado a Agroforestales Vilela, de Arzúa (A Coruña)

Álvaro Vilela: "Aposté por esta marca de nuevo por la buena experiencia que tuve con el tractor anterior. Lo que más me gusta es su suspensión".

EN VÍDEO



RED DE CONCESIONARIOS

AGROFORESTAL ROUCO SLU

C/ Xistral, n.º 23
27770 O Valadouro · Lugo
Tfno.: 982 574 613

TALLERES MOSFER SC

P. Ind. Monterroso, Parcela 14
27560 Monterroso · Lugo
Tfno.: 982 378 011

PABLO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

C/ Fonteboa, n.º 1
32570 Maside · Ourense
Tfno.: 696 687 726

CIAL. AGRÍCOLA Y CERRAJERA F. CHAVES SL

Tanoira, n.º 17, Padrenda
36968 Meaño · Pontevedra
Tfno.: 986 747 243

TAIL MAQUINARIA

Parque empresarial de Xinzo, Parcela 12
32630 Xinzo de Limia · Ourense
Tfno.: 988 550 502

TALLERES JOMABE SL


C/ Arenal, n.º 52
36500 Lalín · Pontevedra
Tfno.: 986 780 272

AGROCOSME SL

Estrada de Tui, n.º 25, Cela
36415 Mos · Pontevedra
Tfno.: 986 344 599

► NO CASO DE GALICIA, A TAXA DE ABANDONO FOI DAS MÁIS BAIXAS DE ESPAÑA (4,7 %), ALGO MOI MERITORIO SE TEMOS EN CONTA QUE É O TERRITORIO ONDE MENOS SE COBRA POR LITRO DE LEITE A NIVEL NACIONAL, O QUE DI MOITO DA RESILIENCIA DAS GANDERÍAS GALEGAS

Ilustración 3. Evolución da porcentaxe de recría e da media de reprodutoras por gandería a nivel nacional



Fonte: Conafe

esta tendencia era ascendente, polo que se posiciona no 52,4 % de recría. Este dato está calculado á baixa, xa que parte do número de animais menores de 24 meses fronte aos adultos, pero, dado que a idade a primeiro parto é superior a esta idade, contan como paridas vacas que aínda non o son, polo que a porcentaxe de recría esperada é aínda maior.

A vaca tipo que se está a muxir en Galicia é un animal de 44 meses de idade, similar á media nacional. As vacas de primeiro parto veñen a parir aos 25 meses, tamén similar á media nacional. Constátase un incremento na porcentaxe de reposición en Galicia, expresado como a porcentaxe de vacas de primeiro parto que se están a muxir respecto do total do rabaño, acadando o 34,4 %, lixeiramente por debaixo da media, que se sitúa no 35 %. Sen dúbida, é unha porcentaxe elevada, polos custos de amortización de recría que implica, cando na década anterior se situaba por debaixo do 32 %; daquela, despois de Baleares, era a comunidade que tiña a porcentaxe de reposición máis baixa a nivel nacional.

Un indicador que nos orienta sobre como se está a criar é o diferencial de produción entre vacas de primeiro parto e as adultas. As vacas seguen medrando unha vez que fan o seu primeiro parto e dedican parte da enerxía da ración a crecemento en detrimento da produción de leite. Se é criada adecuadamente, acadando un 85 % do peso adulto tras o seu primeiro parto, terá que dedicar menos recursos a medrar, polo que a diferenza entre vacas de primeiro parto e as adultas será menor.

Táboa 3. Indicadores de produción en 2021

Comunidade autónoma	Idade media das vacas que se moxen	Idade a primeiro parto	Porcentaxe de reposición
Andalucía	43	25	36,5
Aragón	40	24	36,6
Asturias	47	26	32,6
Baleares	55	26	25,9
Cantabria	46	27	34,5
Castela e León	42	25	37,1
Castela-A Mancha	43	25	36,7
Cataluña	42	25	37,6
Galicia	44	25	34,4
Madrid	44	26	33,8
Navarra	43	25	34,6
Valencia	47	23	30,3
País Vasco	43	26	36,9
España	44	25	35,0

Fonte: Conafe

Táboa 4. Diferencial de produción en 2021

Comunidade autónoma	Diferencial de produción
Andalucía	14,9
Aragón	17,4
Asturias	13,3
Baleares	15,6
Cantabria	13,9
Castela e León	14,7
Castela-A Mancha	12,8
Cataluña	15,1
Galicia	15,1
Madrid	15,1
Navarra	15,7
Valencia	12,6
País Vasco	13,4
España	14,5

Fonte: Conafe

CONCLUSIÓN

De acordo con estes datos, cómpre salientar a relevancia de Galicia a nivel nacional como potencia na produción de leite, así como as opcións de mellora, que se deben basear fundamentalmente en incrementar a idade dos animais que se están a muxir (as vacas deberían durar máis), reducir a idade ao primeiro parto ata os 24 meses, reducir o diferencial de produción a través da mellora do proceso de recría e limitar a taxa de reposición para que os custos de recría non lastren a conta da explotación. ■